



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2018/5

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria

Ordinaria

Data

10 de maio de 2018

Duración

Desde as 11:05 ata as 12:25 horas

Lugar

Salón de Plenos do Concello

Presidida por

MANUEL LOPEZ CASAS

Secretario

Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI

Nome e Apelidos

Asiste

34729730Y

CARLOS GOMEZ SALGADO

SÍ

34944140X

ELVIRA LAMA FERNANDEZ

SÍ

34961770E

EVA ORO VILLARINO

SÍ

44451990M

FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ

SÍ

34984024N

JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES

NON

76716532D

LUIS MIGUEL GIL PENIN

NON

46506299T

MANUEL CABAS LOPEZ

SÍ

76770220S

MANUEL LOPEZ CASAS

SÍ

34957758N

MANUEL PEREZ CAMPOS

SÍ

76704603V

MARIA DOLORES CALVO LOPEZ

SÍ

44455043E

MONTSERRAT LAMA NOVOA

SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	NON
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES: «Motivos persoais» 1. LUIS MIGUEL GIL PENIN: «Motivos persoais» 1. RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ: «Mortivos laborais»		

Asisten a Interventora municipal *Dona Mónica Legaspi Díaz* e a Adxunta a Secretaría *Dona M.ª Dolores Fernández Salgado*.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día 26/04/2018. Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

Expediente 2969/2018.Moción conxunta para a toma de medidas para a sensibilización do Poder Xudicial con respecto á violencia de xénero, e se faga reforma urxente do Código Penal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó **Ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar** do día 7 de maio de 2018, do seguinte teor

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 30/04/2018 (nº 2018-E-RC-3459), presentado polo grupo municipal POPULAR, por medio do cal xuntan Moción do seguinte teor literal:

"(...) A sentenza, popularmente denominada, a "La Manada" cre3ou unha grande alarma social en todos os estratos sociais de España, cunha grande repercusión no resto do mundo. O código penal actual do ano 1995, a ambigüidade da norma posibilitou que a sentenza sexa inasumible e que creou inseguridade e humillación nas mulleres.

Para que situacións e sentenzas como ésta non volvan a xenerarse propoñemos ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede dos seguintes

ACORDOS:

1.- Urxe a toma de medidas urxentes para a sensibilización do Poder Xudicial con respecto a todas as formas de Violencia de Xénero.

2.- Que se realice unha urxente reforma do Código Penal acorde cos valores de Xustiza, Igualdade e Protección real da Muller. (...)"

Tras o debate produciuse un acordo unánime, engadindo un terceiro punto proposto polo Grupo Municipal Socialista quedando a moción redactada do seguinte xeito:

1.- Urxe a toma de medidas urxentes para a sensibilización do Poder Xudicial con respecto a todas as formas de Violencia de Xénero.

2.- Que se realice unha urxente reforma do Código Penal acorde cos valores de Xustiza, Igualdade e Protección real da Muller.

3.- Instar á reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial destinadas a profundizar na formación dos membros da Carreira Xudicial e Fiscal, segundo as medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente, a medida número 159 relativa a instar unha formalización especializada máis ampla en ditas materias tanto dos Xulgados especializados en violencia de xénero, como tamén nos xuíces e xuízas de familia e menores, e a medida número 160, que contén un mandato de aumento da capacitación xudicial no Dereito Antidiscriminatorio, incluíndo a perspectiva de xénero e a transversalidade, nas oposicións á xudicatura, Escola Xudicial, e a formación continúa anual, impartida no "Consejo General del Poder Judicial", pasando esta materia a ser obrigatoria e evaluable. Así mesmo, obrigar a unha reforma legal para introducir probas específicas en violencia de xénero, como requisito para concursar a órganos xudiciais especializados. (...)"

O Sr. **Alcalde** da paso á primeira quenda de intervencións.

A Sra. **Elvira Lama Fernández** di que a proposta se informou favorablemente por unanimidade na comisión informativa despois de engadir un terceiro punto a instancia do seu grupo por considerar que a redacción inicial elaborada polo grupo municipal popular resultaba insuficiente, sendo necesario ampliar a mesma no eido da formación dos profesionais na xudicatura segundo o recollido no Pacto de Estado contra a Violencia, a cal non se dotou economicamente nos orzamentos xerais do Estado na contía que era preciso. Sinala que non estamos só ante un tema penal senón que témonos que enfrontar ante un tema de formación e sensibilización por parte dos profesionais. Por outra banda, quere facer fincapé en que o partido popular non ten en conta ás mulleres e proba diso e que desmantelou o Ministerio de Igualdade e á data actual a realidade é que so existen 26 xulgados de violencia de xénero.

O Sr **Manuel Cabas López** intervén para manifestar a súa conformidade co exposto pola portavoz do grupo municipal socialista, concretamente no relativo á formación da



Concello de Xinzo de Limia

xudicatura, falla de xulgados especializados, etc. Asemade, engade que o clamor popular surxido a raíz da sentenza da “manada” fai que consideremos que nos atopamos no momento oportuno para clarificar os puntos escuros da lei e eliminar “o machismo que late na xudicatura” motivos todos eles polos que o seu grupo apoia a moción.

O *Sr Alcalde* da paso a segunda quenda de intervencións.

A *Sra. Elvira Lama Fernández* indica que o seu grupo municipal fai unha aposta para que a xustiza sexa xusta pero a realidade e que non é así. Manifesta que se ben é certo que existe un clamor claro como sinala o portavoz do grupo de goberno, sen embargo, considera que non se pode gobernar a golpe de clamor, engadindo que existen estados que teñen a pena de norte instaurada pero que non por iso diminúen os delitos. Na súa opinión este problema soluciónase con prevención, formación, sensibilización e cos recursos económicos precisos para levar a cabo ditas políticas. Remata a súa intervención adiantando o voto a favor do seu grupo municipal se ben recorda ó grupo municipal que as mulleres somos importantes.

O *Sr Alcalde* pecha a quenda de intervencións dicindo que todos os grupos coinciden en que a situación é lamentable, desexando que se resolva satisfactoriamente polos profesionais de recoñecido prestixio ós que se lle encomendou o asunto.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade**, **adoitándose o seguinte acordo:**

- 1.- Urxe a toma de medidas urxentes para a sensibilización do Poder Xudicial con respecto a todas as formas de Violencia de Xénero.***
- 2.- Que se realice unha urxente reforma do Código Penal acorde cos valores de Xustiza, Igualdade e Protección real da Muller.***
- 3.- Instar á reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial destinadas a profundizar na formación dos membros da Carreira Xudicial e Fiscal, segundo as medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente, a medida número 159 relativa a instar unha formalización especializada máis ampla en ditas materias tanto dos Xulgados especializados en violencia de xénero, como tamén nos xuíces e xuízas de familia e menores, e a medida número 160, que contén un mandato de aumento da capacitación xudicial no Dereito Antidiscriminatorio, incluíndo a perspectiva de xénero e a transversalidade, nas oposicións á xudicatura, Escola Xudicial, e a formación continúa anual, impartida no "Consejo General del Poder Judicial", pasando esta materia a ser obrigatoria e evaluable. Así mesmo, obrigar a unha reforma legal para introducir probas específicas en violencia de xénero, como requisito para concursar a órganos xudiciais especializados.***

Expediente 3056/2018. Moción do Grupo Municipal Socialista para a creación dunha residencia de maiores no Concello de Xinzo de Limia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O *Sr. Alcalde* da a palabra á portavoz do grupo municipal socialista propoñente da moción, quen da íntegra lectura á exposición de motivos da mesma, que ten o

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

seguinte teor literal:

"(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Debémolles os nosos maiores que fixeron posible a nosa realidade una vida digna e uns servizos sociais de calidade que manteñan o seu benestar durante os anos que lies reten de vida. Moitos dos que aínda sigan ñas súas casas fano en soidade, outros aínda teñen compañeiro/a ou algún párente que mira por eles de cando en vez.

A problemática da demografía en Galicia non é una novidade, segué a tendencia do país aínda que de xeito mais acusado. Moitos pobos e aldeas da provincia de Ourense fican abandonadas e noutras os que quedan superan con moito a idade de xubilación.

Si miráramos os indicadores demográficos do noso concello, observamos que perdemos poboación, case en 454 persoas dende 2011, e se seguimos analizando a pirámide de poboación podemos ver como os maiores de 65 anos son 2612 persoas un 26,45% do total de poboación do noso concello. Moitos deses nosos maiores precisan coidados e atención que as veces os fillos non poden prestar porque non viven cerca ou porque precisan traballar para manter as súas propias familias.

No Concello de Xinzo temos unha residencia de maiores xestionada pola fundación San Rosendo dende fai aproximadamente 3 décadas, con un número insuficiente de prazas, o que fixo que se instalaran outro tipo de residencias ou vivendas comunitarias de xestión privada. Con todo o número de prazas sigue sendo insuficiente para a demanda que hai e moitos dos nosos maiores están en lista de agarda ou espallados pola provincia adiante en outros concellos, en Rairiz de Veiga, A Bola, Lobelra, Santa Cruz de Arrabaldo, Vilar de Barrio, Ourense capital, Riós e algún mais... o que lies ocasiona desarraigo para eles e dificultades ñas visitas para os familiares.

Dende o Grupo Municipal Socialista creemos que xa vai sendo hora de que se amplíen as prazas de residencia para dar servizo os maiores que teñan a necesidade de que os atendan na etapa final da súa vida eos mellores coidados. Polo que sometemos a debate e aprobación a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

1.-Solicitar informe técnico o servizo de urbanismo deste concello para saber de que terreos dispoñemos a fin de poder construír neles unha nova residencia de maiores.

2.-Redactar proxecto e memoria xustificativa das necesidades en función do número de maiores de 65 anos, e das patoloxías da poboación, demencia senil, Alzheimer e número de dependentes.

3.-Solicitar da Consellería de Política Social partida orzamentaria suficiente para a construción e dotación material e persoal suficiente para a posta en marcha dunha nova residencia de maiores (fogar residencial) no concello de Xinzo que poda atender as demandas da nosa poboación.(...)"

O Sr Alcalde da paso á quenda de intervencións.

O Sr. Manuel Pérez Campos intervén para manifestar que apoia a moción dado que recolle unha reivindicación do seu grupo municipal que tiñan incluída no programa electoral, reprochando ó grupo municipal que rexeitase noutras ocasións a mesma proposta feita polo seu grupo.

O Sr Manuel Cabas López intervén para manifestar o total apoio do grupo de goberno á presente moción indicando que xa se levaron a cabo contactos coa Fundación San Rosendo e outras empresas e que nos próximos cinco meses espera que se abra unha nova residencia en Xinzo.

A Sra. Elvira Lama Fernández manifesta que se alegra de que o grupo de



Concello de Xinzo de Limia

gobierno agora indique que se está traballando neste tema se ben recórdalle ó portavoz que durante os últimos sete anos non fixeron nada en relación ó mesmo a pesar de que o partido político ó que pertencen goberna tanto na provincia como na comunidade autónoma, motivo polo que agora prégalle ó grupo de goberno que faga as xestións precisas para que a Xunta de Galicia destine unha partida orzamentaria para este fin.

O **Sr. Alcalde** pecha a quenda de intervencións indicando que considera difícil que en cinco meses se aperture a residencia, se ben congratúlase de que todos coincidan na necesidade de establecer unha residencia de maiores no Concello de Xinzo de Limia, dado que a que hai actualmente non cubre as necesidades existentes, de xeito que moitos usuarios teñen que aloxarse en residencias fora do Concello impedindo que os familiares acudan a velos asiduamente. Finaliza a súa intervención sinalando que o Concello conta con solo urbano para equipamentos na zona da Devesa e que a data actual estanse levando a cabo contactos coa Fundación San Rosendo, entre outras, motivo polo que vaise a impulsar dende o goberno municipal a presente proposta.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade, adoitándose o seguinte acordo:**

1.- Solicitar informe técnico o Servizo de Urbanismo deste Concello para saber de que terreos dispoñemos a fin de poder construír neles unha nova residencia de maiores.

2.- Redactar o proxecto e memoria xustificativa das necesidades en función do número de maiores de 65 anos, e das patoloxías de poboación, demencia senil, alzhéimer e número de dependentes.

3.- Solicitar da Consellería de Política Social partida orzamentaria para a construción e dotación material e persoal suficiente para a posta en marcha dunha nova residencia de maiores (fogar residencia) no concello de Xinzo que poda atender as demandas da nosa poboación.

Expediente 451/2018.CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DE CORPOS DE POLICÍA LOCAL E PRAZAS AUXILIARES

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 3, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O **Sr. Alcalde** pide a Sra. Secretaria que de lectura ó **Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior e Tráfico** do día 7 de maio de 2018, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **PROPOSTA DE ALCALDÍA** de data 02/05/2018, do seguinte teor literal:

Visto o "Convenio tipo para a asunción pola administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías de corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais"

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Vista a memoria xustificativa onde se analiza a necesidade e oportunidade do Convenio o seu impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Visto informe de Secretaría e Intervención en relación a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e a necesidade e oportunidade da sinatura do Convenio,

PROPOÑO:

1) *Aprobar o Convenio tipo para a asunción pola administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías de corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais, polo cal, o Concello de Xinzo de Limia delega na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.*

2) *Autorizar ó Sr Alcalde para a firma de cantos documentos foran necesarios para o desenvolvemento do presente Convenio. (...)"*

Tras o debate resulta dictaminada favorablemente cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante e do concelleiro do Grupo Mixto a seguinte proposta de acordo:

1) Aprobar o Convenio tipo para a asunción pola administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías de corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais, polo cal, o Concello de Xinzo de Limia delega na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

2) Autorizar ó Sr Alcalde para a firma de cantos documentos foran necesarios para o desenvolvemento do presente Convenio.(...)"

O Sr. Alcalde da paso á quenda de intervencións.

O Sr. Manuel Pérez Campos refire que efectivamente a Xunta de Galicia sacou un Decreto para cooperar coa Administración Local. Considera que na actualidade, dende as distintas administracións, tanto estatal como autonómica, o que pretenden é que os Concellos deleguen nelas as súas funcións, atopándonos cunhas entidades locais con menos competencias. Asemade, sinala que un dos argumentos para proceder a delegación plantexada é o relativo o custo económico que teñen este tipo de procedementos selectivos, e neste sentido recórdalle ó grupo de goberno que en Xinzo só se fixeron dous procesos selectivos, un no 2003 e outro no 2018, sendo o custo económico ínfimo, motivo polo que o seu grupo municipal non vai apoiar dita proposta dado que coa mesma o que se fai é quitar as poucas competencia coas que contan na actualidade as entidades locais.

A Sra. Elvira Lama Fernández refire que se ben é certo que se baleiran as competencias propias dos Concellos, igualmente certo é que se están aceptando por parte dos Concellos outras competencias que lles son impropias. Asemade, sinala que nos procesos selectivos as redes sociais producen situacións alarmantes que xeran

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

sospeitas de falta de imparcialidade nos procesos, motivo polo que se se fai un procedemento común para toda a comunidade autónoma iso dálle un plus de transparencia e de axilidade motivos todos eles polos que considera que dita proposta pode ser positiva, máxime cando dito acordo foi avalado polo FEGAMP.

O **Sr Manuel Cabas López** manifesta a súa conformidade co exposto pola portavoz do grupo municipal socialista, indicando que o que se pretende co presente convenio e dar maior garantía e transparencia ós procesos e contar cos maiores medios dos que dispón a Xunta de Galicia.

O **Sr Alcalde** remata a quenda indicando que non nos atopamos ante un problema económico nin de perda de competencias senón de falla de persoal para conformar os tribunais, reseñando a maiores o feito de que a adhesión ó presente convenio conleva que lles sexa mais sinxelo ós Concellos a selección dos policías, máxime cando a fase formativa xa se ten que levar a cabo a data actual na Escola de Seguridade.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (Grupo Municipal Popular (7+1, o Alcalde)), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (3), e cos votos en contra do Grupo municipal “Xinzo Adiante” (3), adoptándose o seguinte acordo:**

1) Aprobar o Convenio tipo para a asunción pola administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías de corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais, polo cal, o Concello de Xinzo de Limia delega na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

2) Autorizar ó Sr Alcalde para a firma de cantos documentos foran necesarios para o desenvolvemento do presente Convenio.

MOCIÓN DE URXENCIA: MOCION DO GRUPO MUNICIPAL XINZO ADIANTE PARA A MELLORA DO SISTEMA DE PENSÍONS:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr Alcalde** cede a palabra ó Sr Manuel Pérez Campos quen expón que con esta moción o que se pretende é dar mais estabilidade a situación das pensións, motivo polo que se propón que dende o goberno do Estado se adopten medidas para acadar a citada estabilización.

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o presidente expón que

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais. Realizada a votación, a inclusión na orde do día desta moción urxente é **APROBADA por unanimidade, cos votos a favor da súa inclusión na orde do día de tódolos concelleiros.**

Aprobada a inclusión na orde do día da moción presentada, tendo esta o seguinte teor literal:

“(…) **MOCIÓN PARA A MELLORA DO SISTEMA DE PENSIÓNS MEDIANTE A CREACIÓN DUN IMPOSTO/TAXAS PARA GARANTIR A SUSTENTABILIDADE DOS SISTEMA E A REVALORIZACION DAS PENSIÓNS CONFORME O IPC.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A política de recortes e aniquilación do Estado de Benestar impulsada polo Partido Popular está a incidir moi negativamente nas familias, con especial incidencia nas familias con menores a cargo e as persoas pensionistas. Como sinalamos no pleno de decembro de 2016, as taxas de pobreza real se incrementaron nos últimos anos, pasando a afectar a unha porcentaxe considerable da poboación (en Galicia falamos de case 700.000 persoas en risco de exclusión social). Fronte a isto, as políticas do PP incrementaron a desigualdade: durante a crise creceu o número de pobres e, en Galicia, multiplicouse por dous o número de ricos.

Segundo a Fundación BBVA e a Rede Galega contra a Pobreza, Galicia é a terceira comunidade autónoma con menos renda por habitante; o 72% da poboación galega non ten capacidade para aforrar; este é o territorio do estado onde hai maior porcentaxe de parados que non cobra ningún tipo de prestación; o 15% por cento das traballadoras/es non teñen contrato laboral; ocupamos deshonoroso quinto posto en mortalidade infantil...

O PP desde o Goberno de Madrid profundou na ausencia de benestar e a pobreza de moitas familias coa súa reforma laboral (o que provocou un incremento significativo das persoas desempregadas) e coa súa reforma das pensións (que supón unha perda do poder adquisitivo das persoas pensionistas). Especialmente negativa para as persoas maiores xubiladas é a reforma das pensións impulsada e aprobada polo Partido Popular. A desvinculación da actualización das pensións respecto ao IPC e a aplicación dun novo sistema de revalorización supoñen de facto unha redución das mesmas. En materia de pensións, Galicia é a segunda comunidade autónoma do Estado coa pensión media máis baixa e Ourense ten a dubidosa honra de ser a provincia do estado coa pensión media máis baixa: 742 euros, segundo indica a propia Seguridade Social en xaneiro de 2018.

Así, non é de estrañar que moitas persoas maiores teñan cada máis dificultades para poder chegar a fin de mes e para poder cubrir as súas necesidades básicas, entre elas as enerxéticas. Ademais compre sinalar que os nosos maiores foron e son piares fundamentais para as súas familias nestes anos de crise, posto que coa súa pensión axudan aos seus fillos e netos.

O nivel de malestar ante o mínimo incremento das pensións nun 0.25% por quinto ano consecutivo e a perda de poder adquisitivo que isto supón levaron aos pensionistas a se manifestaren masivamente en moitas cidades do estado, algo nunca visto ata agora. E a resposta do goberno do PP ante esta situación é que non ten a intención de derrogar a reforma do ano 2013 nin de revalorizar as pensións conforme o IPC.

Por outra banda, o que será flamante vicepresidente do BCE cobrando 915 euros ao día, o señor De Guindos, Ministro responsable do rescate bancario, mentiu descaradamente á cidadanía cando dixo que o rescate bancario non lle custaría un euro aos cidadáns e que os



Concello de Xunzo de Limia

bancos devolverían todo o diñeiro e mesmo con intereses. A realidade é que o propio goberno e o Banco de España recoñecen que como mínimo se perderán 60.600 millóns de euros, un 79 % das axudas recibidas polos bancos e que tan só se recuperarán pouco máis de 16.000 millóns.

Do mesmo xeito, asistimos cada ano a un incremento inxustificado da partida que os Orzamentos do Estado dedican a gasto en defensa. Que se saiba, o estado español non se atopa inmerso en ningunha guerra ou confuto que xustifique este incremento. De feito, a ministra Cospedal indicou que os orzamento do seu ministerio para o ano 2017 ascenderían a 7639 millóns de euros e xa no mes de xullo de 2017 se gastaran 8800 millóns. Segundo o Centre d'estudis Délas per la pau, que realizou un informe sobre o gasto militar español en defensa, este ascendeu en 2017 a un total de 18.775,99 millóns de euros: é dicir, 11.000 millóns máis do orzamentado inicialmente.

Xa que logo, non é crible socialmente o mantra de que "non hai cartos" para revalorizar as pensións conforme o IPC e moito menos para incrementalas, que o goberno popular do estado esgrime.

Si hai cartos; a cuestión é saber xestionalos e priorizar en que se invisten. Está claro que para o PP o gasto social non é prioritario e si contentar ao IBEX 35, ás armamentísticas e aos grandes lobbys empresariais.

Xa que logo, debemos esixir unha redistribución de determinadas partidas dos orzamentos e crear mecanismos que permitan aos nosos maiores gozar dunhas pensións dignas e garantir o incremento anual das mesmas conforme o IPC, ademais de garantir a sustentabilidade dos sistema de pensións.

Por todo iso, o Grupo Municipal de Xunzo Adiante propón ao Pleno deste Concello a adopción do seguinte ACORDO:

1.- O Pleno do Concello de Xunzo de Limia rexeita de forma contundente e esixe a derogación inmediata da lei reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema da Seguridade Social, por supoñer unha fraude ao Estado social e unha perda de poder adquisitivo e calidade de vida das e os pensionistas.

2.- O Pleno do Concello de Xunzo de Limia insta o Goberno do Estado para a adopción das medidas precisas para garantir a sustentabilidade das pensións públicas e a súa revalorización conforme o IPC anual (tales como a redución do orzamento militar, a revisión do grávame que se aplica ás rendas máis elevadas ou a instrumentos financeiros de dubidosa transparencia como as SICAV, a revisión dos impostos sobre o beneficio empresarial das grandes corporacións...); todas estas medidas encamiñadas a fortalecer dotacionalmente o noso sistema de pensións, así como favorecer a súa perdurabilidade no tempo. (...)"

O Sr Alcalde da paso á quenda de intervencións.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** intervén para manifestar a postura a favor da presente moción do seu grupo municipal dado que ca mesma o que pretende é que se adopten medidas para garantir a sustentabilidade das pensións, sinalando que é de xustiza que as mesmas suban conforme ó indicador IPC, motivo polo que considera que é preciso retomar as conversas no seo do Pacto de Toledo, máxime cando nos atopamos cunha pirámide demográfica invertida que determina que sexa imposible financiar nun futuro as mesmas rexeitando a proposta do goberno do Estado relativa a que acudamos a plans de pensións privados cando a Constitución Española indica outra cousa.

O Sr Manuel Cabas López di que o seu grupo municipal está de acordo dado

Concello de Xunzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

que todos somos coñecedores de que a sustentabilidade das pensións está en entredito, motivo polo que indica que é preciso acadar medidas alonxadas de partidismos a fin de que os xubilados e xubiladas presentes e futuros podamos manter o poder adquisitivo, o cal remata a súa intervención indicando que é preciso un pacto de estado das pensións.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** engade que se cotiza pouco pola dificultade de acceso ó mercado laboral, salientando que a reforma do mercado laboral fíxoa o PP no ano 2012.

O **Sr Alcalde** pecha a quenda de intervencións recordándolle á señora Elvira Lama Fernández que o partido socialista no ano 2010 votou a conxelación das pensións e que a situación económica no ano 2011 era de bancarrota, motivando neste sentido os recortes levados a cabo. Engade que como queira que agora nos atopamos nunha situación de recuperación é polo que se apoia dende o goberno municipal que se regularice esta situación e que as pensións se suban de conformidade ó IPC a fin de estabilizar a situación dos pensionistas.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade, adoitándose o seguinte acordo:**

1.- O Pleno do Concello de Xinzo de Limia rexeita de forma contundente e esixe a derogación inmediata da lei reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema da Seguridade Social, por supoñer unha fraude ao Estado social e unha perda de poder adquisitivo e calidade de vida das e os pensionistas.

2.- O Pleno do Concello de Xinzo de Limia insta o Goberno do Estado para a adopción das medidas precisas para garantir a sustentabilidade das pensións públicas e a súa revalorización conforme o IPC anual (tales como a redución do orzamento militar, a revisión do gravame que se aplica ás rendas máis elevadas ou a instrumentos financeiros de dubidosa transparencia como as SICAV, a revisión dos impostos sobre o beneficio empresarial das grandes corporacións...); todas estas medidas encamiñadas a fortalecer dotacionalmente o noso sistema de pensións, así como favorecer a súa perdurabilidade no tempo.

Expediente 3079/2018. MOCION DE URXENCIA: MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR MODIFICACION DE CREDITO. Transferencia de crédito para financiar contrato de servicios de axuda no fogar.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 3, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

O **Sr Alcalde** intervén para indicar que o grupo de goberno trae unha moción urxente ó plenario a fin de atender a 51 solicitantes do servizo de axuda no fogar que se atopan en quenda de agarda para recibir o servizo e que en dous días incrementouse en 5 usuarios mais. Asemade sinala que se pasou información ós portavoces dos grupos da oposición e que consta no expediente o estudo das necesidades e custos do servizo, o que motiva a necesidade de traer ó presente pleno unha modificación de crédito para dotar de fondos económicos ó servizo que precisan os 56 beneficiarios de axuda no fogar que están en quenda de agarda.

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais. Realizada a votación, a inclusión na orde do día desta moción urxente é **APROBADA por unanimidade**, cos votos a favor da súa inclusión na orde do día de tódolos concelleiros.

Aprobada a inclusión na orde do día da moción presentada, tendo esta o seguinte teor literal:

*"(...) **PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 3079/2018, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:*

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr. Económica				
231	227.99 Outros traballos realizados por outras empresas	11.000 €	38.000 €	49.000 €

Baixas ou Anulacións en Concepto de Ingresos

Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr. Económica				
929	500.00 Fondo de continxencia	60.000 €	38.000 €	22.000 €

***SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.(...)"*

A **Sra Secretaría** expón que segundo informe da Concelleira de Servizos Sociais hai 51



Concello de Xinzo de Limia

usuarios en quenda de agarda que a día de hoxe pasaron a ser 56. Segundo o informe é precisa a cobertura de 1645 horas de servizo de SAF Dependencia do Concello de Xinzo de Limia a maiores das que se están a prestar na actualidade. Dado que as restricións da Lei de Orzamentos Xerais do estado impiden a contratación de novo persoal fixo nas administracións públicas fora da taxa de reposición e ademais a contratación de persoal laboral temporal neste caso podería implicar un fraude de lei por tratarse dun servizo de carácter permanente, estudouse a posibilidade de contratar unha empresa para cubrir as horas que non é posible prestar co persoal do Concello. Realizadas consultas polo coordinador do servizo a Concellos limítrofes, estimouse un prezo medio por hora de 12,84 euros/h. Segundo informe do coordinador, estimouse que as horas a cubrir mediante empresa non deberían superar as 20.200 anuais, incluíndo nesta previsión as 1645 horas que sería preciso realizar para cubrir a quenda de agarda así como posibles baixas por enfermidade, vacacións do persoal. Por outra banda, en caso de cubrir 1645 horas máis pendentes de prestación, segundo informe do coordinador, a subvención da Xunta de Galicia se incrementaría en 15.956,50 euros mensuais, o que fai un total de 191.478 euros anuais. Tamén se recolle no informe a contía en que se incrementaría o copagamento mensual por parte dos usuarios, inda que non se pode usar a mesma para xerar crédito. En conclusión, dado que o custo do contrato ascendería segundo estimado a un total anual de 259.368 euros anos, dos cales 191.478 se obterían da subvención da Xunta, o Concello debe aportar un total anual de 67.890 euros ó ano. Dado que restan 6 meses e para rematar o exercicio orzamentario, o crédito que sería necesario reservar para a celebración do contrato é de 33.990 euros.

A **Sra. Interventora** di que para reservar este crédito é necesario realizar unha transferencia de crédito con cargo ó fondo de continxencia, motivo polo que se trae esta proposta ó pleno.

O **Sr Alcalde** da paso á primeira quenda de intervencións.

O **Sr Manuel Pérez Campos** intervén manifestando que dende hai tempo observamos que o Estado español está adoptando medidas encamiñadas a que se privaticen todo tipo de servizos, neste senso, sacaron por exemplo unha normativa que prohibe as contratacións de persoal. No presente caso atopámonos ante unha competencia que se ben non é propia do Concello, sen embargo, a realidade é que ten que prestala o Concello, ameazando a maiores a Xunta de Galiza con sancionarnos se non prestamos o servizo, cando o que debería facer sería cubrir o servizo aportando como mínimo o correspondente custo económico que require e non obrigarnos a que teñamos que privatizar o servizo como se propón agora polo grupo de goberno. Recorda que con esta cantidade de diñeiro que se precisa para prestar o servizo poderíase contratar a 26 persoas, motivo polo que considera que esta é outra das múltiples “tomaduras de pelo” ás que estamos sometidos na administración local.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** di que o que se trae ó Pleno é unha transferencia de crédito da partida de continxencia á de servizos sociais. Sinala que a Xunta de Galicia debería financiar integramente a competencia relativa a servizos sociais. Engade que

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

nos atopamos ante unha improvisación por parte do grupo de goberno dado que esa quenda de agarda de 51 persoas non apareceu a semana pasada senón que dende o 1 de xaneiro ditos usuarios xa estaban na quenda motivo polo que existe unha falta de previsión. Asemade, sinala que a axuda domiciliaria ten que estar xestionada por unha administración e non por unha empresa privada, pero como queira que a nós o que nos preocupa é que hai 51 persoas pendentes de recibir o servizo por iso o seu grupo municipal vai apoiar a presente moción simplemente para poder contar cos cartos necesarios para cubrir o servizo, dado que agora non se está a decidir acerca da xestión do mesmo, que na súa opinión debера ser pública.

O **Sr Manuel Cabas López** intervén para manifesta que é certo que os dependentes non aparecen dun día para outro, engadindo que en novembro do ano 2017 había 38 usuarios en quenda de agarda e agora son 56 usuarios pendentes de prestar o servizo. Sinala que a proposta que se trae ó pleno baséase en librar os fondos precisos a fin de que posteriormente poidamos cumprir o dereito que teñen os usuarios a recibir o servizo e que a data actual atópanse nunha quenda de agarda, a fin de que precisamente non exista dita quenda.

O **Sr Alcalde** da paso á segunda quenda de intervencións.

O **Sr Manuel Pérez Campos** refire que está de acordo con que todas as persoas teñan a cobertura do servizo por unha administracións, pero non polo ámbito privado, non entendendo por que a FEGAMP non presiona á Xunta de Galicia para que cumpra as súas propias competencias, esixindo como mínimo que a Xunta remita a financiación precisa para que nós podamos desenvolver a correspondente competencia impropia.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** di que vai votar a favor da modificación porque o que quere é que a xente conte co servizo inda que tampouco está de acordo en que se privatice. Engade que esta modificación é froito da improvisación e que se como dixo o portavoz do grupo de goberno en novembro había 38 usuarios en quenda de agarda, ben se puido incluír unha partida no orzamento para facer fronte o servizo en lugar de ter que traer agora ó pleno unha transferencia.

O **Sr Alcalde** agradece a boa disposición dos grupos da oposición que nun exercicio de responsabilidade política acudiron á reunión que se celebrou con carácter urxente antes do presente pleno para tratar este tema. Engade que hai unha memoria dos servizos sociais moi ben elaborada que manifesta unha necesidade á que hai que dar cobertura económica. Remata a súa intervención indicando que se ben é certo que nos atopamos ante un servizo impropio, non hai outra opción máis que prestalo a fin de que non existan usuarios sen recibir o servizo.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (Grupo Municipal Popular (7+1, o Alcalde)), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (3), e cos votos en contra do Grupo municipal “Xinzo Adiante” (3), adoptándose o seguinte acordo:**

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 3079/2018, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr. Económica	Outros traballos realizados por outras empresas	11.000 €	38.000 €	49.000 €

Baixas ou Anulacións en Concepto de Ingresos

Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr. Económica	Fondo de continxencia	60.000 €	38.000 €	22.000 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta dos Decretos da Alcaldía

Dáse conta, nos termos e para os efectos do disposto no art. 42 do Regulamento da Organización, do Funcionamento e do Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos Decretos e Resolucións ditados pola Presidencia desde a anterior reunión:

"nome";"data";"resumo";"rexistro";"procedemento";"Estado"

"DECRETO 2018-0287 [DECRETO APROBACIÓN TAXAS SAF MARZO E ABRIL 2018]";"3/05/18 10:47";"DECRETO APROBACIÓN TAXAS COPAGAMENTO SAF. MESES DE MARZO E ABRIL DE 2018";"2954/2018";"Servizo de Teleasistencia ou Axuda a Domicilio";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0286 [DECRETO DE ALCALDÍA-reposicion de fondos anticipo

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

caja];"3/05/18 10:47";"Reposición anticipo de caja fija";"1755/2018";".Procedimiento administrativo común (Intervención)";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0285 [Exp. 2917 -2018- DECRETO ALCALDÍA CONCESIÓN DE AULA DA CASA DA CULTURA AO COLEXIO DE ARQUITECTOS E ENXEÑEIROS DE OURENSE PARA REUNIÓN]";"2/05/18 15:09";"DECRETO ALCALDÍA CONCESIÓN DE AULA DA CASA DA CULTURA AO COLEXIO DE ARQUITECTOS E ENXEÑEIROS DE OURENSE PARA REUNIÓN.- Exp. 2917 -2018";"2917/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0284 [Exp. 2693-2018.- DECRETO DE ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE GRUPO MUSICAL PARA A FESTA DE AS LAMAS 2018 POR MEDIO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE OURENSE]";"2/05/18 15:08";"Exp. 2693-2018.- DECRETO DE ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE GRUPO MUSICAL PARA A FESTA DE AS LAMAS 2018 POR MEDIO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE OURENSE";"2693/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0283 [Decreto da convocatoria]";"2/05/18 15:08";"Convocatoria Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar. 07/05/2018."; "CSSIB/2018/2";"Convocatoria de Comisión de Servizos Sociais Igualdade e Benestar";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0282 [DECRETO ALCALDÍA PARA FACILITAR A COLABORACIÓN DE DOUS GRUPOS MUSICAIS Á FESTA DA SANTA CRUZ DE AS LAMAS (DANZANTES) 2018 - Exp. 2522 -2018]";"2/05/18 15:08";"DECRETO ALCALDÍA PARA FACILITAR A COLABORACIÓN DE DOUS GRUPOS MUSICAIS Á FESTA DA SANTA CRUZ DE AS LAMAS (DANZANTES) 2018 - Exp. 2522 -2018";"2522/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0281 [Decreto da convocatoria]";"2/05/18 15:08";"Convocatoria Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior e Tráfico, 07/05/2018."; "CPRIT/2018/2";"Convocatoria de Comisión de Persoal, Réxime Interior e Tráfico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0280 [DECRETO AUTORIZACIÓN PERMISO FESTAS DE SEOANE 2018]";"2/05/18 10:13";"DECRETO AUTORIZACIÓN PERMISO FESTAS DE SEOANE 2018";"2926/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0279 [DECRETO AUTORIZACIÓN LANZAMENTO DE FOGOS DE ARTIFICIO FESTAS DE SEOANE 2018]";"2/05/18 10:13";"DECRETO AUTORIZACIÓN LANZAMENTO DE FOGOS DE ARTIFICIO FESTAS PATRONAIS DE SEOANE 2018";"2929/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0278 [Decreto da convocatoria]";"2/05/18 10:13";"Convocatoria Xunta de Goberno Local 03/05/2018";"JGL/2018/19";"Convocatoria de A Xunta de Goberno Local";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0277 [Decreto aprobación Plan de Seguridade e Saude]";"27/04/18 13:40";"Decreto aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras ""Nova pavimentación na rúa da Igrexa""";"2896/2017";"Procedemento de Contratación";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0276 [Decreto adxudicación contrato menor limpeza (30-04 ó 04-05)]";"27/04/18 13:40";"Decreto adxudicación contrato menor limpeza Escola Infantil (03-04 ó 04-05)";"2521/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0275 [Decreto aprobación pregos concesión posto praza de abastos]";"27/04/18 13:22";"Decreto aprobación pregos praza abastos";"2222/2018";"Licenza de Ocupación de Ben de Dominio Público";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0274 [Decreto autorización uso Pavillón Deportes para Torneo

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Kickboxing]";"27/04/18 12:37";"Decreto autorización uso Pavillón Deportes Kickboxing";"2744/2018";"Utilización Puntual dun Ben da Administración";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0273 [decreto aprobación lista definitiva de admitidos e excluídos posto limpadora]";"27/04/18 12:00";"Decreto listaxe definitiva admitidos e excluídos praza de limpadora";"2510/2018";"Selección de Persoal e Provisión de Postos";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0272 [1. Festival DECRETO subv.IV Festival á Consellería de Cultura 2018]";"26/04/18 13:51";"Decreto solicitude subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para IV Festival Banda de Gaitas das Letras Galegas Vila de Xinzo."; "2468/2018";"Subvención solicitada a outra Administración";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0271 [DECRETO APROBACION NOMINAS ABRIL]";"26/04/18 13:47";"DECRETO NOMINAS E SEGUROS SOCIAIS ABRIL";"277/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0270 [decreto gtos financeiros banco pastor obradoiro]";"25/04/18 12:25";"decreto gtos financieros conta banco pastor obradoiro abril";"434/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0268 [Decreto polo que se deixa sen efecto a resolución de alcaldía de data 20 de abril de 2018 e se aproba nova lista provisional de admitidos e excluídos outorgando prazo de subsanación]";"25/04/18 12:24";"Decreto polo que se deixa sen efecto a resolución de alcaldía de data 20 de abril de 2018 e se aproba nova lista provisional de admitidos e excluídos outorgando prazo de subsanación (praza interinidade limpadora)";"2510/2018";"Selección de Persoal e Provisión de Postos";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0267 [Decreto da convocatoria]";"24/04/18 14:33";"Convocatoria Xunta de Goberno Local 25/04/2018";"JGL/2018/18";"Convocatoria de A Xunta de Goberno Local";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0266 [DECRETO 2ª reposición de fondos anticipo caja]";"24/04/18 12:05";"II reposición anticipo de caixa Juan García Moro";"1645/2018";"Autorización de Anticipo de Caixa Fixa";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0265 [DECRETO NOMINA E FINIQUITO MANUEL RUA LOPEZ]";"24/04/18 12:05";"DECRETO FINIQUITO E NOMINA MANUEL RUA LOPEZ";"277/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0264 [decreto fase p]";"24/04/18 12:05";"decreto fase p";"FACT-2018-1148";"Aprobación de Facturas";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0263 [DECRETO APROBACION FACTURA OBRADOIRO NORPREVENCION]";"23/04/18 14:51";"DECRETO ADO NORPREVENCION OBRADOIRO";"FACT-2018-1148";"Aprobación de Facturas";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0262 [Decreto da convocatoria]";"23/04/18 12:34";"Convocatoria ordinaria Pleno 26/04/2018";"PLN/2018/4";"Convocatoria de O Pleno";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0261 [DECRETO AUTORIZACIÓN LANZAMIENTO DE FOGOS DE ARTIFICIO FESTAS DE MOSTEIRO 2018]";"23/04/18 11:08";"AUTORIZACIÓN LANZAMIENTO FOGOS DE ARTIFICIO FESTAS PATRONAIS DE MOSTEIRO 2018";"2687/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0260 [DECRETO AUTORIZACIÓN PERMISO FESTAS DE MOSTEIRO 2018]";"23/04/18 11:07";"DECRETO AUTORIZACIÓN PERMISO FESTAS PATRONAIS DE MOSTEIRO 2018";"2665/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0259 [DECRETO-RESOLUCIÓN SANCIONADORA]";"20/04/18 13:35";"Decreto resolución sancionadora expediente 45805."; "2132/2017";"Procedemento Sancionador en materia de tráfico";"subscricións completa"

"DECRETO 2018-0258 [DECRETO-RESOLUCIÓN SANCIONADORA]";"20/04/18

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

13:35";"Decreto resolucion sancionadora expediente 45821.";"3480/2017";"Sancionador en materia de tráfico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0257 [Decreto Listaxe Provisional Limpiador-a Edif.Municipais]";"20/04/18 13:17";"Decreto lista provisional admitido/as e excluídos contrato interinidade limpeza";"2510/2018";"Selección de Persoal e Provisión de Postos";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0256 [DECRETO CARMEN]";"20/04/18 10:09";"INSTALACION ASCENSOR NA RUA CRUCEIRO, 10";"942/2018";"Declaración Responsable ou Comunicación en Materia Urbanística";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0255 [DECRETO ALCALDÍA CONCESIÓN DE AULAS DA CASA DA CULTURA A COGAMI OURENSE PARA XORNADAS ESPECIAIS DE FORMACIÓN Á DISCAPACIDADE - Exp. 2523 -2018]";"19/04/18 9:24";"DECRETO ALCALDÍA CONCESIÓN DE AULAS DA CASA DA CULTURA A COGAMI OURENSE PARA XORNADAS ESPECIAIS DE FORMACIÓN Á DISCAPACIDADE - Exp. 2523 -2018";"2523/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"
"DECRETO 2018-0254 [Resolución Alcaldía Trienio Nieves Llopis Tormo]";"19/04/18 9:23";"Recoñecemento Trienio Nieves Llopis Tormo";"954/2018";"Dereitos e Deberes Retributivos";"subscricións completa"

MOCIÓN DE URXENCIA: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A REVISION DO IBI NAS ZONAS URBANIZABLES DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA:

O *Sr Alcalde* cede a palabra á portavoz do grupo municipal socialista, proponente da moción, quen expón que existen no municipio tres zonas que pasaron de ser solo rústico a ser urbanizables e que os contribuíntes están pagando IBI de urbana cando nesas zonas non se pode construír e non existe planeamento de desenvolvemento, o que se deduce do informe técnico municipal facilitado ó día de hoxe.

O *Sr Alcalde* aclara que se solicitarán os oportunos informes técnicos e xurídicos e se volverá traer o tema ó plenario.

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación sobre a inclusión na orde do día desta moción urxente, votan a favor os *Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (3) e os Concelleiros do Grupo Municipal “Xinzo Adiante” (3)*, e *opóñense á súa inclusión os Concelleiros do Grupo de Goberno (Grupo Municipal Popular (7+1, o Alcalde))*, motivo polo que resulta rexeitada a súa inclusión na orde do día ao non acadar a maioría absoluta precisa.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos do Sr. Manuel Pérez Campos:

1.- No parque Galicia substituíron algunha papeleira vella por outras novas e deixaron o armazón das vellas colocados e as crianzas poden cortarse polo que lles pedimos que os retiren.

O Sr Alcalde di que hai que retiralas.

2.- Na rúa Marcelo Macías, a altura do bar Seina, falta unha tapa de un sumidoiro polo que estaría ben a súa restitución.

O Sr Alcalde di que a esta hora se está restituíndo.

3.- Hai uns días arranxaron unhas fochancas nas pistas dos Castros pero quedaron parcheadas de mala maneira polo que lles pedimos que as reparen para que se poida circular de xeito máis ou menos normal por esa pista.

O Sr Alcalde di que hai moitas pistas con moitas fochancas que se están a reparar.

Preguntas do Sr. Manuel Pérez Campos:

1.- Os contedores soterrados da rúa Cruceiro levan varios meses fora de servizo, cando pensan reparalos?

O Sr Alcalde resposta que non foi un éxito e que teñen deficiencias. Sinala que funciona o contedor do vidro e en canto ós demais xa se chamou a empresa para que os repare.

2.- O pasado día 13 de abril recibiron a visita do Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, pedíronlle que melloren o PAC tanto en persoal como na prestación de servizos, medios técnicos, etc., ou tan so foi para sacar unhas fotos?

O Sr. Alcalde resposta que o Conselleiro estivo reunido cos profesionais recoñecendo a labor desenvolvida e engade que o obxectivo non é sacar foto senón que o arquitecto vise as deficiencias que presenta o edificio para estudalas e poder arranxalas.

3.- Por certo, na nota de prensa dicían que estaban presentes unha serie de concelleiros (dicímolo en masculino porque non se fai referencia a ningunha muller) entre eles Ricardo Sieiro Opazo. Nas fotos que nos pasaron non se ve por ningún sitio o Sr. Sieiro, era o fotógrafo oficial? Dicimos isto porque sabemos que é un gran afeccionado a fotografía.

O Sr. Alcalde resposta que o Sr Ricardo Sieiro non estaba para sacar a fotografía e que o importante é o compromiso do Concelleiro para persoal e arranxar as instalacións.



Concello de Xinzo de Limia

4.- *Canta xente ten as chaves do museo do entroido?*

O Sr. Alcalde resposta que dende hai 26 horas teñen chaves o Concelleiro de Cultura, o Coordinador da Casa da Cultura, o Concelleiro Sieiro e o Concelleiro Luís Miguel e outra atópase en depósito no Concello e engade que o Concelleiro de obras ofreceuse para que se lle desvíe ó seu teléfono as chamadas relativas a grupos que queiran visitar o museo.

Rogos da Sra. Elvira Lama Fernández

1. *Roga que os Decretos dos que se da conta no plenario sexan escaneados e enviados vía correo electrónico ordinario como sempre se fixo, respondendo o Sr Alcalde que así se fará.*

2. *Solicita copia dos expedientes dos obradoiros de emprego, ó que resposta o Sr Alcalde que se facilitarán dado que é un dereito.*

3.- *Solicita que se fumigue a Praza Maior por mor dos insectos e cucarachas que hai, sendo o rogo aceptado polo Sr. Alcalde.*

Preguntas do Sr. Rafael Penabad González

1.- *O día dous de este mes o portavoz do grupo de goberno dixo nun xornal que o obxectivo era “humanizar Xinzo”, a que se refire? Ten algún proxecto?*

O Sr Alcalde resposta que pretende que sexa máis habitable, máis acolledor, mellor mobiliario, máis parques e xardíns, etc.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE